



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045  
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

**Descrición Decreto:** Nomeamento persoal laboral temporal técnica en animación sociocultural

### **DONA MARIA JESUS NOVO GOMEZ ALCALDESA PRESIDENTA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)**

Considerando os seguintes antecedentes:

- A necesidade urxente de contratación de persoal laboral temporal praza de técnico/a en animación sociocultural do Concello de Boimorto para cubrir dito servizo por renuncia voluntaria da técnica en animación sociocultural Yolanda Barreiro Garea con DNI XXX2846XX ( rexistro de entrada núm. 47 de data 21/01/2021) que supuxo, en consecuencia, extinción do seu contrato de traballo en data 22/01/2021 ( decreto de alcaldía núm. 23/2021 de data 22/01/2021).

- O decreto núm. 128/2021 de data 09/04/2021 polo que se aproba a Bolsa de traballo persoal laboral temporal técnico/a en animación sociocultural, en cuxa situación actual temos candidato con dispoñibilidade inmediata para a contratación.

Finalmente, vista a dispoñibilidade actual orzamentaria para facer fronte aos custes deste traballador e en aplicación do disposto no artigo 49.1c) do Real decreto lexislativo 2/2015 polo que se aproba o Texto refundido do Estatuto dos traballadores e en uso das facultades outorgadas legalmente en materia de xefatura de persoal polo artigo 21 da Lei 7/1985 do 2 de abril de bases do réxime local polo presente, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Nomear como técnica en animación sociocultural a Eva López Sesar con DNI XXX0057XX.

Condicionase a formalización do contrato en aplicación da base trece da convocatoria á presentación pola interesada da seguinte documentación mediante orixinal ou copia debidamente autenticada:

-Documento Nacional de Identidade, pasaporte ou documento oficial válido en dereito que acredite.

-Certificación de aptitude do Celga 4 ou superior ou do curso de aptitude equivalente ou ben a validación correspondente.

-Título oficial de Técnico Superior en Animación Sociocultural.

-Méritos alegados para o concurso.

-Certificación médica actualizada na que se faga constar expresamente que o aspirante posúe a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo ao que concorre.

**SEGUNDO.-** Facer pública mediante este decreto no taboleiro de anuncios do Concello de Boimorto así como na páxina web a situación actual da bolsa de traballo de técnico/a en animación sociocultural que queda tal como segue tras a nova contratación:

- 1.- LÓPEZ SESAR EVA ( XXX0057XX).- Contratada.
- 2.- ALVAREZ AGUIÓN MERITXELL ( XXX1083XX)
- 3.- PALMÓN DÍAZ MIRIAN ( XXX6014XX)
- 4.- PORTO VARELA FRANCISCO ( XXX1537XX)

- 5.- PEREZ DOMINGUEZ PABLO ( XXX0769XX)
- 6.- CALO POUSO ELENA MARIA ( XXX3998XX)
- 7.- MARTÍNEZ TEDÍN LAURA ( XXX6047XX)

**TERCEIRO.-** Notificar persoalmente o presente decreto á seleccionada indicada no apartado primeiro e comunicar aos servizos administrativos para que se tramite presentada a documentación requerida a alta da traballadora na seguridade social e se asine e rexistre o contrato con efectos de alta do 13/04/2021.

**CUARTO.-** Colgar este decreto na páxina web do Concello e no taboleiro de edictos aos efectos oportunos.

Decretouno a Alcaldía, Boimorto á data da súa sinatura dixital, do que eu Secretaria accidental deste Concello, dou fe e traslado

A Alcaldesa - Presidenta

Dou fe, a secretaria accidental

Asdo.- MARIA JESUS NOVO GOMEZ

Asdo.- M<sup>a</sup> LUISA CACHARRÓN SOUTO

